



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 22 DE XUÑO DE 2010

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: EXTRAORDINARIA E URXENTE
PRIMEIRA

CONVOCATORIA:

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Alcalde-Presidente

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Segundo Tenente de Alcalde,

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. IRENE AGUIAR LALE

Concelleira

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS

Concelleira

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

GRUPO P.P.

D. JOSÉ ANTONIO MACEIRA BESTEIRO

Concelleiro do PP

DNA. GISÉLE MAÏSSA RODRIGO

Concelleira

DNA. CRISTINA GOLDAR SOTO

Concelleira

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Concelleiro

D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA VILLAR

Concelleiro

DNA. LOURDES LOUREIRO MÉNDEZ,

Concelleira

GRUPO B.N.G.

DNA. RAQUEL LÓPEZ DOCE

Primeira Tenente de Alcalde
DNA. ISABEL RUIZ FERRO
Concelleira do BNG
D. XOÁN CARLOS CASTRO BLANCO
Concelleiro.

CONCELLEIROS NON ASISTENTES

D. JOSÉ VICENTE VICENTE
Concelleiro do PP
D. JOSÉ MANUEL REBOREDO BAÑOS
Concelleiro
D. JUAN ANTONIO TORRES ÁLVAREZ
Concelleiro

SECRETARIO en funcións

DON ROGELIO A CARRERA ARES

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e dous de xuño de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José A. Dono López, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria e urxente, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o secretario en funcións.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.-	PRONUNCIAMENTO E, NO SEU CASO, APROBACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.
2º.-	RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA DO ASUNTO NON DITAMINADO/INFORMADO/SOMETIDO A CONSULTA, PREVIAMENTE, POR PARTE DA COMISIÓN INFORMATIVA COMPETENTE POR RAZÓN DA MATERIA
3º.-	PROPOSICIÓN RELATIVA Á SOLICITUDE DE COMERCIALIZACIÓN CARNE GALLEGA, S.L. (COCARGA) DE AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA PARA CONSTITUÍR GARANTÍA HIPOTECARIA SOBRE A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DA QUE É TITULAR PARA A XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DO MATADOIRO MUNICIPAL.

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.- PRONUNCIAMENTO E, NO SEU CASO, APROBACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA. O Sr. Alcalde expón ao Pleno que a urxencia vén dada pola necesidade de que a empresa concesionaria da explotación do Matadoiro, ten en resolver a solicitude sinalada dado o tempo transcorrido dende que se formulou, e que posterior e sucesivamente completou mediante a achega de documentación diversa requirida polo Concello, ao Concello Pleno. Pon de manifesto que se celebrou unha Xunta de

Portavoces, na que se acordou non cobrar as asistencias ao Pleno, por ser un caso excepcional

Sr. Alcalde: Realmente o señor estábame chamando todos os días dúas ou tres veces, e realmente non podíamos agardar máis. Por outro lado, hai unha serie de consideracións, como que é a concesionaria do matadoiro, e ten débedas co Concello, pero tamén ten débedas cos provedores da Estrada, que non vai poder liquidar se non obtén este financiamento, e en definitiva, temos unha empresa que está prestado un servizo importante para A Estrada, que ten problemas de financiamento igual ca outras moitas empresas, e necesita refinar a súa débeda. É dicir, ten débedas que a curto prazo de que ten que resolver, para convertela nunha débeda a longo prazo que lles permita continuar coa explotación do matadoiro. Tendo en conta todas estas consideracións, creo e así o expuxen, que deberíamos facer o antes posible, pois estas situacións chega un momento que collen fin, e podería darse o caso de que tivesemos un problema con esa concesión. Ese é o motivo, así a grandes rasgos, de por que se convocou este Pleno e a Xunta de Portavoces.

Sometida a urxencia da convocatoria a votación do Pleno, é aprobada por unanimidade.

2º.- RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA DO ASUNTO NON DITAMINADO/INFORMADO/SOMETIDO A CONSULTA, PREVIAMENTE, POR PARTE DA COMISIÓN INFORMATIVA COMPETENTE POR RAZÓN DA MATERIA

Sr. Alcalde: Isto hai que facelo, porque evidentemente non foi, eu tiña pensado que estivese na Comisión de Organización do pasado luns, pero faltaba un informe de Secretaría que agora existe e por iso non se tratou. Evidentemente, eu tamén consideraba naquel momento, xa que o informe de Secretaría non é máis ca unha redundancia, pero non é preciso para adoptar acordos, pero por seguridade xurídica pídese, pero eu entendo que había un informe de Intervención o suficientemente detallado tanto dende o punto de vista xurídico como do económico, que pon evidencia o que había, é un informe desfavorable, o que fai o informe de Secretaría é redundar no mesmo. Polo tanto temos que ratificar, votar a ratificación na orde do día do punto por este motivo.

Sometida a inclusión na orde do día do asunto non ditaminado/informado/sometido a consulta, previamente, por parte da comisión informativa competente por razón da materia, resulta aprobada por unanimidade.

3º.- PROPOSICIÓN RELATIVA Á SOLICITUDE DE COMERCIALIZACIÓN CARNE GALLEGA, S.L. (COCARGA) DE AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA PARA CONSTITUÍR GARANTÍA HIPOTECARIA SOBRE A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DA QUE É TITULAR PARA A XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DO MATADOIRO MUNICIPAL.

Sr. Alcalde: Despois do aquí xa falado, eu fixen dúas propostas que se facían ao Pleno, evidentemente porque había os informes en contra dos Servizos Xurídicos e da Intervención do Concello, eu teño moi claro, dende o meu punto de vista, que independentemente destes informes, hai unha responsabilidade política neste tema, que é unha a de salvar se é posible a concesión, que os provedores da Estrada, que eu coñezo algún e sei que son cantidades importantes que teñen que resolver, el ten que resolver esta débeda a curto prazo, pois senón non ten subministro, e por outro lado o Concello e os gandeiros de aquí é conveniente que teñan saída para o seu produto, que neste caso son as reses que lles venden ao matadoiro, polo tanto nós propoñemos ao Pleno que se lle faga esta concesión coas explicacións que hai na proposta que di que si, e ademais que se lle dea un prazo a partires dese acordo de tres meses, creo eu que é un prazo razoable, que resolva a débeda que ten co Concello que é un dos principais problemas polos que nós temos este informe, pero é evidente que se non ten financiamento non pode pagar esa débeda, polo que podemos tomar o acordo desa concesión dicíndolle que ten tres meses para facer o pago do canon que ten estipulado co Concello, que non é máis ca unha das débedas a curto prazo coas que se atopa este empresario.

Seguidamente, transcríbese de xeito literal a proposición da Alcaldía, que se formula ao abeiro dos artigos 82.3 e 97.2 do Real Decreto 2.568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a súa toma en consideración e pronunciamento por parte do Concello Pleno na súa sesión extraordinaria e urxente convocada para o día 22.06.10):

“Visto o escrito presentado por D. José Manuel López Cid en nome e representación de Comercialización Carne Gallega, S.L. (COCARGA, S.L.), en data 15.03.10 RE 2906, en virtude do que interesa autorización municipal para constituír garantía hipotecaria sobre a concesión administrativa da que é titular dende o ano 1.992 para a xestión do servizo público do matadoiro municipal.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Daniel Órrea Corral, de data 10.06.10, referido á construción na colindancia das instalacións do matadoiro municipal de Peneda, por parte do concesionario, de obra civil, grupos moto-alternadores, instalación eléctrica, e instalación de recuperación térmica e auxiliares, que integran unha central de coxeneración, que ten unha antigüidade aproximada de 10 anos e que se atopa inactiva na actualidade, razón, pola que non puido constatar o seu funcionamento nin a eventual existencia de danos/vicios ocultos.

Visto o informe do Sr. Tesoureiro Municipal, de data 03.06.10 acreditativo de que o concesionario COCARGA, S.L. mantén con este Concello débedas de pagamento correspondentes ao exercizo 2009 e referidas ao canon, totalizadas a esa data en 18.931,88 €.

Visto o informe emitido pola Economista da Intervención de Fondos Municipais, Sra. Rivas De la Iglesia, en data 14.06.10, con observacións varias relativas ás contas anuais da empresa (2007 e 2008), e á actividade concreta do matadoiro da Estrada (2007, 2008 e 2009).

Visto o informe da Sra. Interventora de Fondos Municipais, de data 15.06.10, desfavorable, dada a posible incursión en causa de caducidade do dereito de concesión na que se atopa COCARGA, S.L. por mor das débedas amentadas; e, debido, por outra banda, a que a situación económica-financieira da dita mercantil- concesionaria se subsume no principio de risco e ventura que obستا como concesionario da xestión dun servizo público municipal.

Visto o informe do T.A.X. do Servizo Xurídico de Urbanismo, accidentalmente en funcións de Secretario Xeral, de data 22.06.10, desfavorable, por compartir, en liñas xerais, as apreciacións vertidas no informe da Intervención indicado no parágrafo precedente.

Vista a urxencia en resolver a solicitude sinalada dado o tempo transcorrido dende que se formulou, e que posterior e sucesivamente completou mediante a achega de documentación diversa requirida polo Concello, ao Concello Pleno, previa ratificación,

PROPÓN:

Recabar o pronunciamento deste órgano colexiado municipal ao respecto:

a) ben, non autorizando a constituición da garantía hipotecaria solicitada por COCARGA, S.L., sobre a concesión administrativa outorgada polo Concello Pleno na súa sesión de data 10.07.92, con fundamento nos argumentos de mención que se desenvolven nos informes indicados.

b) ben, autorizándoa, atendendo a razóns de interese público relativas a que, en ningún momento, quede en situación de risco a continuidade da explotación do dito servizo público a traveso do actual concesionario, se, coa denegación da autorización que pide, puidese comprometerse a viabilidade económico- financeira da mercantil sinalada, ata facer insostible o mantemento da explotación, cos correlativos prexuízos que esa indesexable situación supoñería para o Concello.”

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta por unanimidade o seguinte **acordo:**

Autorizar a constituición da garantía hipotecaria solicitada por COCARGA, S.L., sobre a concesión administrativa outorgada polo Concello Pleno na súa sesión de data 10.07.92, atendendo a razóns de interese público relativas a que, en ningún momento, quede en situación de risco a continuidade da explotación do dito servizo

público a traveso do actual concesionario, se, coa denegación da autorización que pide, puidese comprometerse a viabilidade económico- financeira da mercantil sinalada, ata facer insostible o mantemento da explotación, cos correlativos prexuízos que esa indesexable situación supoñería para o Concello.

A eficacia desta autorización, condiciónase a que COCARGA SL resolva a débeda de pagamento que mantén con este Concello por razón do canon referido ao primeiro semestre do ano 2009 (9.015,20 € máis recargo executivo 450,76 €) e ao segundo semestre do ano 2009 (9.015,17 € máis recargo executivo 450,75 €), facendo un total a data 03.06.10 de 18.030,37 € máis 901,51 € = 18.91,88 €, sen prexuízo da que puidese manter, no seu caso, en relación co ano 2010; isto, no prazo de 3 meses computado a partires da notificación do presente acordo.

Non habendo máis intervencións levántase a sesión ás vinte horas e corenta e cinco minutos.

A Estrada, 22 de xuño de 2010
O secretario en funcións.

Asdo.: Rogelio A. Carrera Ares